



A CASA DA NEVE:

Hai moitos anos, varios séculos xa, aínda non existía o pobo de Camba. Había só unha serra moi grande, formada por montes ásperos, cheos de lobos e animais salvaxes. Era un lugar inhóspito, que só producía queirogas, uces e carqueixas. Non había ningunha casa nin nada que se lle parecese.

Un bo día, un frade xesuíta, que se chamaba Lucas, quixo retirarse ó monte, para rezar e para atoparse a soas con Deus e consigo mesmo. Saíu de Monterrei, camiñando, cun zurrón ás costas, no que levaba un pouco de pan, un par de libros, e un coitelo. Alí mesmo, ó raso, deitouse a durmir, mirando cara o ceo.

Pola mañá cedo espertou morto de frío. Camiñou un pouco para desentumecer as pernas e viu como pouco a pouco Deus ía acendendo o día. Nunca vira un amencer tan fermoso. Primeiro chegou a luz que se foi abrindo amodiño, e foron saíndo da nada negra centos de pequenos lombeiros. Fóronse apagando pouco a pouco as estelas. E quedou un ceo limpo e azul cubrindo unha terra fermosa de moitas formas e cores. Era moito territorio o que dende alí se podía divisar. Mirando cara ao sur víase o val de Monterrei, e mais lonxe as montañas de Portugal. Mirando cara o norte, o leste o oeste...víanse serras e serras que parecían non ter fin.

De súpeto o día empezou a arder polo nascente e o ceo colleu outra color. De detrás dun lombeiro lonxano foi saíndo o sol, que de vagar se foi levantando e espreguizando, e que se converteu moi pronto no indiscutible rei do ceo.

Despois de vivir a éxtase de tan fermoso alborexar o frade quedou totalmente namorado daquel lugar. Pasou alí o día enteiro, na fronteira entre a terra e o ceo, vendo o mundo con ollos novos, desde o alto dun lombeiro.

Pola tarde empezou a xuntar pedras para facer unha choupana.

Cando pasaron tres días Lucas tiña xa feita unha pequena caseta con paredes de pedra e teito de lousas. E alí se quedou a vivir durante un tempo, alimentándose de herbas e froitos silvestres. A comida era realmente escasa naquel lugar: só podía atopar herbas de varias clases, arandos e amoras. Pero a súa comida máis importante era a proximidade do ceo, a infinita paz e o calado silencio que alí se atopaban.

Pasaron dous meses, e chegou o inverno. Unha noite, o ceo enfadouse e púxose a nevar sen parar. O frade aguantou como puido dentro da súa pequena choupana. Pola mañá, cando se fixo día, parou de nevar, e o ceo sorriu de novo cun sol amigo, grande, redondo e fermoso.

Arredor da choupana estaba todo raso de neve. E do teito da cabana caían longos carambelos de xeo. Nada máis velo, o frade bautizou aquela choza co nome de Casa da Neve, e deulle á corga que alí nacía o nome de Carambo..

Despois do bautizo, aproveitando o día, o frade camiñou montes abaixo, en dirección a Monterrei. Chegou cando era noite pecha e xa os frades estaban rezando as Completas. Non levaba nada de comida no seu zurrón. Pero, para levarlle algo ós seus compañeiros, meteu no zurrón un carambelo.

Ó día seguinte contoulles ós demais frades todo o que vira e vivira durante aqueles meses, e ensinoulles o carambelo.

Os frades escoitaron con verdadeiro pracer o relato de feitos e sentimentos. Pero un deles, que era o encargado da economía do convento, empezou a matinar e a matinar... E pensou que aqueles montes que só producían arandos e amoras, queirogas, uces e carqueixas... gardaban un tesouro moi importante: podían producir neve e xeo.

E foi así como os frades xesuítas de Monterrei se reuniron en pleno para tomar unha importante decisión: construír alá naquela serra, no alto daquel lombeiro, unha fábrica de neve e de xeo. O prior deu as ordes oportunas para que se xuntasen os obreiros precisos e pronto empezaron as obras para construír unha casa á beira da choupana que fixera Lucas. A parte máis importante da casa era o soto,

onde se ía almacenar a neve prensada, para que se conservase en estado sólido durante o ano enteiro. Fixeron unha casa grande, que lle serviu de neveira durante moitos anos. No soto da casa había varias dependencias, todas elas cheas de neve. Alí gardaban a carne conxelada. E cando lles ía facendo falta sacábana e baixábana para Monterrei en alforxas que cargaban sete mulas. Ás veces tamén baixaban lingotes de xeo para o convento que usaban para conservar en frío o viño e os alimentos que o precisaban. E así foi como a Casa da Neve foi a primeira casa que houbo en Camba.

Logo, a Condesa de Monterrei mandou facer alí outra Casa de Neve para servizo dela.

E logo, pouco a pouco, as xentes que atendían aquelas dúas Casas de Neve foron facendo outras pequenas casas para viviren eles e as súas familias, casas estas que construíron un pouco máis abaixo, no val de Carambo, a carón dunha fonte que alí había. Máis tarde estas xentes foron criando pitas, porcós, e outros animais. E así foi nacendo o pobo.

Cando o pobo medrou viron que a auga daquela pequena fonte non chegaba para todos. E por iso parte dos veciños decidiron trasladarse cos seus enxovais e animais para outro lugar próximo onde había máis auga. Buscaron a ladeira dunha pequena montaña, mirando cara ó sur, e alí fixeron casas novas. O lomboiro onde se asentaron era suavemente curvado e por iso puxéronlle ó novo pobo o nome de Camba.

Logo empezaron a traballar as terras, e a sementar centeo e millo. Fixeron regos para levar a auga do río e para facer lameiros. Criaron vacas. E pouco a pouco foron pondo en pé o que moitos anos máis tarde sería un pobo de máis de catrocentos veciños, que tempo andando chegaría incluso a converterse en parroquia independente segregándose da de Santa María de Cerdedo e converténdose na parroquia de San Salvador de Camba, tamén coñecida como a parroquia do Bon Xesús de Camba de Carambo.

.....
Hogano aínda se conservan os nomes de Casadaneve e de Carambo. E por suposto consérvase o pobo de Camba, aínda que cada vez con menos xente.

Pero Camba segue sendo na memoria da xente a parroquia do Bon Xesús de Camba de Carambo, e todos estamos de acordo con que o Pobo de Camba, antes de estar onde agora está, estivo en Carambo e na Casadaneve, e con que o nome de Carambo procede de "Carambolo" ou "Carambello", que non é outra cousa que un anaco de xeo que colga dos tellados das casas, que se forma naturalmente e por si só nas frías e nevadas noites de inverno.

